



A MEDIACIÓN, CONFLICTIVIDADE E VIOLENCIA NAS ESCOLAS: A INTERVENCIÓN PSICOPEDAGÓXICA

Coordinador: Emilio J. VEIGA RÍO

(CFR da Coruña)

Intervenientes/Poñentes:

Profra. Ana TOMÁS ALMEIDA (Universidade de Minho-Braga)

Prof. Miguel CLEMENTE (Universidade da Coruña)

Prof. Feliciano VEIGA (Universidade de Lisboa)

Prof. Emilio VEIGA RÍO (CEFORE. A Coruña)

Prof. José DOMINGUEZ ALONSO (CEIP de Sandiás. Ourense)

Prof. Miguel Clemente

(Universidade da Coruña)

RESUMO

O profesor Clemente presentou un traballo centrado nunha análise do que se denomina “pantallazos publicitarios”. Centrouse en analizar como a través de todo tipo de pantallas, móbil, TV, vídeo, Internet...o mundo publicitario e as intencións subliminares pretenden e conseguen formar uns modelos de referencia nos que adultos e menores acaban xerando certos comportamentos, certas respostas, a través da presentación de modelos a imitar, amosando unha aparencia ficticia do real, co lanzamento de falsos estereotipos.

Na comunicación empregou a técnica da análise de contidos e imaxes de certos carteis publicitarios así como de certas películas infantís con moita popularidade ou moi coñecidos entre o público tratando de determinar as características persoais e situacionais de

quén comete e recibe determinadas condutas, moitas veces agresivas.

As veces se confirma a través desta metodoloxía de análise como os personaxes agresivos ou chamativos por algunha característica social ou psicolóxica atraínte posúen calidades atractivas, sendo os seus comportamentos un modelo comportamental a reproducir. Incluso presentándose como unha forma divertida e xustificada.

Búscase que por efecto de imitación ou de procesos subliminares conseguir un instrumento para alcanzar los valores socializantes como la satisfacción persoal.

Prof. Feliciano Veiga

(Universidade de Lisboa)

RESUMO

O Consello de Europa sinalou recentemente que a violencia nas escolas constitúe un

problema escolar e declarou a necesidade de que os sistemas educativos se preocupasen en educar para a paz. En varios países, as escolas están hoxe confrontadas con niveis de indisciplina que, por veces, tornan difícil un clima propicio ao ensino e à aprendizaxe. É por isto que se prantexou un estudo na procura de poder facer pesquisas sobre o estado da cuestión e poder proceder a realizar unha avalización nos centros sobre a disrupción escolar. O poñente presentou aquí algún dos resultados así como dos instrumentos empregados no referido estudio - a *Escala de Disrupção Escolar Inferida pelos Professores (EDEI)*-. Presentou as investigacións con ela realizadas e a descrición de novos elementos, nunha abordaxe da súa multidimensionalidade, que orixinou a versión denominada EDEI-2006. Figuran reseñadas investigacións con la *Escala de Disrupção Escolar Professada pelos Alunos (EDEP)*, envolvendo varios países europeos. Os elementos presentados mostran consistentes e salientan as calidades destas escalas de disrupción escolar, ben como a súa utilidade na investigación en psicoloxía e en educación, ben en estudos de natureza diferencial ben en estudos de tipo quase experimental, tanto en grupos nacionais como en grupos europeos.

Prof. José Domínguez Alonso
(CEIP de Sandiás. Ourense)

RESUMO

O poñente presentou unha experiencia, sobre un modelo de mellora no tratamento da mellora da convivencia escolar levada a cabo nun centro de educación primaria (CEIP de Sandiás-Ourense). O planeamento do traballo centrábase en describir as vantaxes didácticas e organizativas que pode ofrecer o “carné social” como ferramenta pedagóxica no ensino obrigatorio, ben sexa como medida preventiva ou como forma de intervención sobre as conductas disruptivas nos centros educativos. Trátase dunha técnica sinxe-

la de aplicar nas aulas para, por un lado, anticiparse á aparición dos posibles problemas de violencia, e por outro, aínda que estes xa estean presentes, evitar que se convertan en patolóxicos e dean lugar a situacións máis graves. Ademais, pódese converter nun novo recurso didáctico ou servizo da docencia que incrementa o alcance e a calidade das propostas de mellora da convivencia. O carné social como ferramenta de reforzo de conductas positivas.

Profra. Ana Tomás Almeida
(Universidade de Minho-Braga)

RESUMO

A convivencia nos centros escolares é tanto unha condición necesaria para a aprendizaxe e a ensinanza como un obxectivo en sí mesma tanto para profesores, como para alumnos como para toda a comunidade educativa. Temos que aprender a relacionarnos e necesitamos relacionarnos para aprender e ensinar. Na actualidade é preocupante o problema da violencia escolar, e en concreto do maltrato entre iguais, polo que é fundamental avanzar un paso máis na comprensión dos mecanismos implicados na perpetuación deste comportamento, abrindo vías para a intervención focalizada e/ou preventiva.

A poñente presentou un estudio que se centrou nunha análise das explicacións causais que sobre o maltrato entre iguais sinalan os preadolescentes e adolescentes, así como de estudar cómo cambian esas explicacións causais en función das variables país, sexo, idade e o papel asumido polos participantes en situacións de maltrato entre iguais. E brindou aos xoves unha oportunidade para reflexionar sobre os seus propios comportamentos e os dos seus compañeiros na esfera colectiva e trata de axudar aos diferentes profesionais a avanzar na comprensión dos mecanismos implicados na perpetuación deste comportamento.

Así mesmo se presentou algúns dos instrumentos empregados a tal efecto, así como algún resultado parciais de varios países (Portugal, Brasil, México). Resumindo os datos do estudio presentaron que se atoparon como os adolescentes explican o maltrato entre iguais como un fenómeno ligado ao tipo de interacción interpersonal que se establece entre vítima e agresor, e a aspectos ligados coa dinámica e funcionamento típicos dos grupos de xoves: aspecto preocupante xa que lles permite xustificar o abuso de poder como algo “natural” durante o desenvolvemento.

As diferencias máis marcadas encontráronse nos preadolescentes de 11 y 12 anos e os adolescentes de 16 anos en adiante, os máis pequenos céntranse en aspectos como o medo e o que non se leven ben, pero sen profundizar como lo fan os maiores, nas dinámicas e os procesos de grupo, no colectivismo e no exercicio de poder. Tamén temos encontrado diferencias ligadas ao xénero xa que as mulleres atribúen máis aos medos, e atenden ao papel que a familia ten na orixe deste tipo de situacións, denotando una clara transmisión de estereotipos de xénero. As mulleres demostran unha maior empatía hacia a vítima.

Prof. Emilio Veiga Río.
CEFORE. A Coruña

RESUMO

Preséntase a través desta comunicación as liñas de actuación preferente a través dos

Plans Integrais de Convivencia e os correspondentes observatorios que tanto o Ministerio de Educación y Ciencia como a Consellería de Educación de Galicia pretenden formatar.

Ademais se plantexan plans micro estruturais para levar dita promoción e mellora da convivencia ao marco escolar de acordo co previsto na Lei Orgánica de Educación LOE (art.124.1), sobre os plans de convivencia como elementos básicos do Proxecto Educativo del Centro. Observatorio Escolar de la Convivencia

Son plans de actuación que se conciben dende o diálogo e o consenso e a implicación dos seus principais destinatarios: os profesores, os alumnos e SOS familias. Por ese motivo, se propoñen actuacións expresamente dirixidas hacia estes colectivos, cuia participación e colaboración resultan imprescindibles para a solución das dificultades da convivencia.

O obxectivo final é tratar de converter os centros educativos en ámbitos adecuados para a aprendizaxe da convivencia e establecer mecanismos para previr ou modificar os comportamentos ou conductas antisociais que se poidan manifestar neles. Deste modo, lograremos facer realidade unha escola que sexa portadora e transmisora dos valores humanos e sociais que fundamentan un modelo de sociedade que poden compartir cidadáns tolerantes, solidarias, responsables, críticos e dialogantes. En definitiva, tratase de crear unha escola democrática para unha sociedade democrática.